

# Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº97/ Ano: 2024 / 1º xornal Mes de novembro/ Estado Micolóxico 2024

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



## Salgadoiro de Suxestións

Lectores preocupados pola Illa e que queren que a administración busque saídas adecuadas ás dificultades que Ons ten, expoñen as súas suxestións. **Páx. 1**



## Ons na Memoria

O peirao da illa a finais dos 70. **Páx. 2**

Foto de Cesáreo coa que Anxo Cabada anunciaba en Facebook a proxección en Vigo da <Última Dorna de Ons>. **Páx. 2**



Manolito, Trini e Josecho, foron a Turquía en busca dos tesouros que levaron os Piratas turcos de Ons, hai moitos anos. **Páx. 2**



Á degustación do cocido e ruta guiada organizada por Nabia e Casa Acuña, presentouse Freddy Krueger, con careta de Pepe de Miro. **Páx. 4**



Con boas programacións por parte de Parques, a masificación poderá facerse máis sostible. **Páx. 3**



## ONS ARQUEOLÓXICA E HISTÓRICA

Importante que os especialistas informen aos responsables do Parque Nacional da necesidade de estudos históricos sobre as illas. **Páx. 5**


Alejandra, coa súa tía Elia e o seu home que emigraron de Ons cara a Uruguai no 1955. **Páx. 5**



Visita ao camposanto de Ons con motivo do día de Defuntos. **Páx. 6**

## OBRAS EN CURRO

Están a piques de rematar o camiño de pavicéspedo que, por detrás das casas do C. Cívico, chegan ao camiño de Melide. **Páx. 7**



Seguen a bo ritmo as obras da depuradora. **Páx. 7**

## Breves:

- Unha garza a carón da Laxe do Crego. **Páx. 6**
- Lavadoiro e o río do Caño. **Páx. 7**
- O robalo e a <Corrobra>. **Páx. 8**
- Baixada á Praia de Canexol. **Páx. 8**
- Faro de Ons: Salvagarda de barcos e mariñeiros. **Páx. 9**

Despois de enviado o nº 96 de Onstopus, recibín unha chea de suxestións. Entre elas quero destacar estas de persoas ligadas ao mundo cultural, científico, técnico,..., e coñecedoras da Illa de Ons.

Gracias, Tino, por el envío de Onstopus, 96, y mi felicitación por todo lo que estás haciendo para que el Faro de Ons se transforme en un Museo. Sin la existencia de ese futuro Museo, no se podrán exponer en él los hallazgos arqueológicos que ahora están en Pontevedra. El problema mayor que plantea la existencia de ese Museo, no es su creación, sino su mantenimiento como tal y la necesidad de que disponga de un personal profesional que se ocupe de esa tarea: ¿quién va a pagar eso?. Una situación parecida la plantean las numerosas excavaciones que se realizan en Galicia, pero que después quedan inconclusas y abandonadas a su suerte... Esto es un problema que tienen que solucionar los políticos con la ayuda de asesores especializados en el tema, pues hay fondos económicos que se podrían destinar a ese fin cultural que plantea tu propuesta, en lugar de destinarlos a otros intereses.



*Material exposto no C. Visitantes sen clasificar, inventariar e datar.*



*Cadro de Manolo Feijut da casa onde vivía no barrio de Pereiró, acompañado do seu can <Carallo>.*

Gracias por tu mensaje con información sobre la isla de Ons y su problemática. Siempre recuerdo a Manuel Feijoo (Feijut) y su can de origen isleño, procedente de un naufragio o abandono. Su nombre "carallo" era ampliamente conocido aunque en Vigo le llamaban "caballo". Lo recuerdo por su sensibilidad hacia la construcción en piedra berroqueña que, algunos "badocos" revestían con esmalte "Titanlux" con el escándalo consecuente... El error de los "inversores" iletrados que confunden los materiales "modernos" con los ancestrales, es el riesgo que puede correr la situación del faro y sus construcciones anexas. Lo de la depuradora de aguas residuales, continúa igual, con el prefabricado de chapa de acero y su técnica estática e inoperante. Mientras no empleen sistemas modernos para la degradación de la materia orgánica y el procesamiento de los lodos residuales mediante la descomposición y vertido controlado, todo seguirá igual... de mal...

Prezado Tinón, os argumentos que tanto Pineiróns como ti mesmo expuxestes en Aunios como na revista Galos, demostra unha sensibilización importante sobre un proxecto de cara a conseguir o obxectivo, máis que xustificable, de que o Faro de Ons sexa un espazo dedicado á cultura marítima do arquipélago de Ons e da súa contorna. Vexo que non sodes "pancarteiros", de dar unha idea e cos demais busquen solucións, pola contra, destes un patrón e proporcionastes opcións para podelo levar a cabo, evidentemente, como subliñades, despois serán os expertos quen decidirán como ten que levarse a cabo a transformación do interior do edificio para dedicalo a unha nova faceta, sen esquecerse de seguir cumprindo a súa función como guía dos mariñeiros. ...



*Faro de Ons, debuxado por Manolo Feijut.*



Depósitos de Chan que abastecerán, en caso de necesidade, ao barrio de Curro. A auga procede da fonte de Caniveliñas.

... o mesmo pasa co tema do Faro. Ti xa o coñeces ben, e témolo falado. Recorda cando foi daquel traballador de mantemento da illa que deu a idea de levar a auga de Caniveliños á acampada de Chan. Como o plan era bo pero non se lle ocorrera nin ao forestal nin aos técnicos de Agricultura, non o levaron a cabo, ata que se deron conta de que era a mellor solución para non estar carrexando auga todos os días á acampada. Pero para iso pasaron case dous anos e inventáronse o de conseguir pasar as mangueriras polas fincas dos veciños para dicir que foi proposta deles. Hoxe, aínda vai dar auga a Curro cos depósitos que montaron, pero nunca recoñeceron de quen saíra a idea. Pois o mesmo pasa co do Museo. Non creo que tiveran ese obxectivo eles, pero ao formulalo vós e outras asociacións e, aínda por riba, tomala politicamente o Bloque, darvos por fodidos!! Como non se lle ocorreu a eles ou non o dixeron antes que vós, agora non a levarán adiante ou pasarán, como di a canción: <máis de mil anos> para que recoñezan que é unha das mellores solucións para ese edificio.

Tamén, como falamos o outro día, ti non pensas que na mesa do Presidente da Autoridade Portuaria, de Portos, da Consellería ou de Parques, non hai xa algún proxecto presentado por algunha empresa particular para levar a cabo nesas instalacións? E que, case seguro, é dalgún coñecido deles?

Como ben escribiches: "O tempo nos dará ou quitará a razón".



### ONS NA MEMORIA (25/10/2025)

Corrían os finais dos anos 70 s.XX. O peirao co seu antigo faro na punta e o guindastre instalado por Portos para subir os barrís de petróleo para o Faro. O barco <Sardiña> de Arturo Reiriz, (que anos máis tarde rexentaría o restaurante “O que Faltaba”) co seu peculiar xeito de amarralo ao peirao. Á esquerda os hoxe restaurantes, de Checho e Acuña, cando non comezaran as novas obras. Á dereita, de branco, o lavadoiro da Entenza, onde tamén está o depósito que daba auga a todas as casas do Centro Cívico.



### Proxección no Museo do Mar de Vigo do documental “A última Dorna de Ons”

Xa informabamos no anterior Onstopus desta proxección que resultou, como todas as anteriores, todo un éxito de público. Volvo a reincidir sobre a importancia de mostrar ao público en xeral, os proxectos que son subvencionados polo Parque Nacional, pola súa importancia de cara a coñecelo mellor e con iso axudar á súa protección. (25/10/2024)

**Anxo Cabada**, dinos sobre o coloquio posterior á proxección, e con respecto á musealización do *Faro de Ons*:  
*“... no coloquio falouse da importancia de converter o Faro de Ons nun Museo que garde a memoria do Faro e da Illa de Ons... A xente, que encheu o auditorio, amosaron o seu apoio. ...”*



Manuel e Trini, que rexentan o bar <Pirata de Ons> e restaurante <Pirata de Mendiña>, xunto con Josechu, que non perde unha, embarcáronse nunha viaxe, nada menos que a Turquía, lugar que non sería moi recomendable tal e como está de “quente” toda esa zona. Podemos ler que, en tempos, a Illa de Ons foi asediada, entre outros, por piratas turcos, e quizais aínda teñan polos seus museos, algún resto arqueolóxico de Ons arrebatados despois das razzias que fixeron por estes mares. Disfrazados de turistas, visitaron os principais centros culturais do país na procura dalgún vestixio, pero agás unha viaxe en globo, nada atoparon.

Muiñada, Magosto e Samaín

# MUSA

**PROGRAMA**  
2 de novembro de 2024

**SABUCEDO**  
A ESTRADA

09:45 h. **ANDAINA** comentada da Ruta de Sabucedo.  
Saída dende o curro novo. Recollida de cogumelos e castañas durante o paseo.

12:00 h. Xuntanza no MUÑO DO MESTRE. Apertura do MERCADINO DE PROXIMIDADE e produtos con indicativo de calidade de Galicia.

12:30 h. III Concurso Infantil "COÑECENDO O MEU POBO", con agasallos para os participantes. Bases na web da Ripa.

12:40 h. Obradoiros de PAN E FILLOAS.

13:00 h. Charla-Coloquio no Muño do Mestre. "A LITERATURA ORAL NO CICLO DO PAN" a cargo de José María Leal Boveda, historiador e investigador da USC. Conexión Sabucedo-O Grove.

13:30 h. Aperitivo Musical a cargo do grupo "AIRINOS DE CALDELAS".

14:30 h. XANTAR, na carpa do Campo do Medio con produtos da Terra de Montes.

16:00 h. Sobremesa Musical "SABUCEDO TAMEN CANTA".

16:30 h. OBRADOIRO DO SAMAIN para nenos ata 90 anos. Calacas, candeas, vestimentas, maquillaxe, e Entrega de Premios do Concurso Infantil "Coñecendo o meu pobo".

16:45 h. Charla con degustación: "TE GALEGO, ALTERNATIVA NO RURAL" a cargo de Carmen Salinero Corral, presidenta da SEC, Sociedade Española da Camelia. Na carpa exterior.

17:45 h. Presentación-coloquio do proxecto cultural GALICIA LATENTE. Presenta: Eduardo de Martis, creador do proxecto.

20:00 h. Procecion da SANTA COMPANA.

20:30 h. Lectura dos RESPONSOS dedicados aos mortos en vida durante a elaboración da QUEIMADA, purificadora no curro vello.

21:00 h. NOITE DO SAMAIN, Magosto a carón do Teclutube.

21:30 h. Teatro de Monicuarios: "BARRIGA VERDE" de Tileres Alacran.

23:30 h. Concerto de "RAUL Y CIA" e festa rachada!

Organizan: ASOCIACIÓN CULTURAL PAU DE MOCA, ASOCIACIÓN BARRIO DAS BIRIBAS DE SABUCEDO.

Colaboran: XUNTA DE GALICIA, Deputación Pontevedra, Ribasabasas, Concello de Estrada, Turismo Galicia.

INFORMACIÓN: 020 805 0308 (ext. 400), 020 805 0309 (ext. 401), 010 220 640 (ext. 401).

## ACTIVO PARQUE NACIONAL

Aquí temos a programación realizada por un profesional especialista en eventos. Un técnico-dinamizador é capaz de compaxinar perfectamente e levar a cabo as xestións necesarias para realizar un bo programa.

Aquí vemos como compaxina moi adecuadamente algo de Deporte (andaina). Coñecemento da natureza (cogomelos). Cultura (charlas, monumentos, literatura...). Animación infantil (xogos, teatro e obradoiros). Gastronomía (con produtos de época e lugar). Música (tradicional e concertos). E celebración do Samaín.

Dirán vostedes, e que ten que ver isto co Parque Nacional? Pois así sen mais, nada, e á vez, todo; pois non imos dicir que hai que celebrar o Samaín nas illas do Parque e menos entrar na polémica de si o Samaín é unha tradición galega. **NON.**

A idea vai para demostrar que, cun bo/oa dinamizador/ora, contando cuns excelentes guías, tendo unhas illas que poden ofertar un mundo de posibilidades de actividades con relación ás peculiaridades do Parque, con instalacións adecuadas,..., e ben coordinados, a visita ao Parque Nacional das Illas Atlánticas, converteríase nun **feito eficaz e práctico**, onde veciños e visitantes participarían, sendo a **ACTIVIDADE** o máis importante da visita e onde a **masificación**, converteríase en aprendizaxe, formación, divulgación, participación,..., e á vez, en cultura, coñecemento e protección.

## TURISMO, MASIFICACIÓN E ESTATÍSTICA (26/10/2024)

Quero comezar dicindo que <turistas>, somos todos. Cada vez que nos desprazamos, por ocio, fóra do lugar onde vivimos, convertémonos en turistas e, se o facemos os domingos, festivos, pontes e vacacións, case seguro imos a converternos en parte do fenómeno coñecido como "masificación", por iso non entendo moito as críticas deste verán.

O que si, como turistas, temos que saber comportarnos, e pode ser aí onde radique o problema. Por desgracia, debido á falta de <educación>, que ten que xurdir na propia familia, e tamén, pola falla de leis e normativas ríxidas e, dende logo, facelas cumprir, é o motivo de que poidan xurdir problemas que traen queixas.

A grande maioría dos traballadores, collen as súas vacacións no verán, preferentemente, nos meses de xullo e agosto, por iso eses meses van converterse nun movemento de persoas extraordinario e que, curiosamente, van a dirixirse a eses lugares simbólicos, emblemáticos,..., aos que non poden ir noutras datas (caso das illas do Parque, ao non haber transporte regular nada máis que no verán), por iso que é normal que a masificación se dea nesas datas.

No caso concreto do Parque que, despois de 17 anos, tomou medidas de control (PRUX) con respecto á cota de visitantes, considéroa adecuada. Pero que unha familia de 3 membros (de Coruña por exemplo), que quere visitar Cíes, teña que gastar 200 € mínimo, entre autopista, gasolina, parking, barco, comida,..., facer enormes colas,..., para só ir á praia ou, como moito, dar un paseo ata o Faro por unha corredeira ateigada, que parece a Rúa do Príncipe de Vigo un día forte de Nadal, resulta algo surrealista e totalmente incomprensible.

É por iso, que é necesario que o Parque pase á acción, intentando que esa "masa", estea controlada, e para iso a Consellería de M. Ambiente e a súa D.X. de Patrimonio Natural teñen que demostrar que *serven para algo* e poñerlle as pilas aos responsables do Parque para, no mes de abril ou maio, como moito, xa haxa un **programa de actividades** amplo a realizar no Parque no verán, e despois de dalo a coñecer, por todos os medios posibles, para que as persoas que queiran coñecelo e participar activamente, ir xa programando as súas vacacións á vista da oferta que fai o Parque Nacional das Illas Atlánticas. Chegado os meses de outubro e novembro, a Consellería comeza a sacar publicamente as estatísticas de visitas, vangloriándose da cantidade de visitantes que tiveron as illas, e case, coma se dunha competición se tratara, din que son as que máis turistas reciben. Pero, verdadeiramente é ese o obxectivo? Non sería mellor que dixeran: <Viñeron X persoas. Delas, este ano, o 15% participaron nas excelentes actividades que pon ao seu servizo o Parque>. E que ao ano seguinte, dixeran o mesmo, pero sinalando coma un logro que en vez do 15 %, se conseguira un 20 ou 30%,..., e así demostrarían que, política e profesionalmente, ían conseguindo os obxectivos polos que tería que funcionar o Parque Nacional.

**Seguiremos incidindo nisto en próximos Onstopus!!!**



**A navieira Nabia e o restaurante Casa Acuña, organizaron o día 27 de outubro, como xa anunciáramos no Onstopus anterior, un evento gastronómico (cocido galego), con Ruta histórica guiada pola Illa, resultando un éxito rotundo de participación.**  
(27/10/2024)



Con motivo desta degustación gastronómica con Ruta guiada por Ons, dous “okupas” fixéronse fortes no galiñeiro do Rabelo e preparárono todo por se vén friaxe e mal tempo, proclamando que non sairán de alí ata que coman todos os galos e galiñas existentes. Por outra banda gozaron coa presenza do mismismo Freddy Krueger, con máscara de Pepe de Miro, que fixo as delicias dos asistentes. Tamén estivo o Rockeiro, Quico Jagger, que nun perfecto inglés interpretou algunha das súas cancións máis famosas. E, entre a multitude, catro fermosas damas, esperaban aos seus respectivos, que se atopaban nunha interesante conferencia vitivinícola que daba un tal <Ramón de Bilbao>.



*Esta interesante xornada tan solleira, rematou cun fermoso solpor sobre a Illa.*



### AUNIENSES NA DIÁSPORA

Con moita alegría líamos no Faro (28/10/2024) a nova: “*La travesía de Elia Patiño, desde Ons a las américas*”. Nela contan a historia da auniense Elia Patiño que, con só 14 anos, en 1955, veuse na obriga de emigrar buscando unha vida mellor que á que lle ofrecía a Illa, e marchou rumbo a Montevideo (Uruguai). Despois de moitos anos e por mor do programa “Reencontros con Galicia” puido vir de novo á súa terra, xunto co seu home. Só faltou unha pequena, pero importantísima, cousa por facer nesta viaxe, poder achegarse á terra que a veu nacer, a Illa de Ons.

Sobre a historia de Elia, mellor ler a noticia. Aquí vola deixo: <https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2024/10/28/travesia-elia-patino-ons-americas-110640269.html>

Unha alegría tamén, despois de saír a noticia, foi saber que a súa sobriña é Alejandra, á que coñecín na Illa, xa que, durante as fins de semana, bota unha man no bar Pirata de Ons.

Na fotos vémolos xunto á familia, cos seus tíos Elia e Antonio e coa súa tía, coa Illa de Ons ao fondo.

Interesante esta nova, que me fixo reflexionar sobre a importancia que puido ter a emigración na Illa de Ons, por iso vou intentar que para o nº 31 de AUNIOS (2026) alguén investigue e escriba sobre ese tema.

### ARQUEOLOXÍA NO PARQUE NACIONAL

É moi importante o labor que están a realizar os arqueólogos nas illas do Parque Nacional para coñecer o pasado destas e poñer en valor a súa Historia, ata o de agora, moi esquecida e cunha gravísima falta de investigación.

Aínda queda moito por facer, tanto a nivel arqueolóxico como histórico. Hai que pescudar en arquivos para ir descubrindo a verdadeira Historia das illas, en especial, da de Ons que ten moitos espazos temporais escuros.

Como xa teño explicado, anos levamos pedindo estas investigacións e tamén solicitando importantes arranxos. Xa comentaba no Onstopus anterior nº 96, páx. 6, a importancia que ten que os propios arqueólogos informen sobre a problemática do cantil de Canexol, pois, cos cambios climáticos que estamos a padecer, os temporais e danas tamén vanse dar en Galicia e o cantil da praia, que agocha a salga romana, está en perigo de derrube.

Agora de novo, vimos de ler en: <https://culturagalega.gal/noticia.php?id=36888> unha interesante nova sobre os traballos arqueolóxicos que están a realizar nas illas Cíes.


Desa importante noticia, quero destacar, desta vez, o seguinte: “*Polo momento, as investigacións realizadas polo GEAAT, con financiamento da Xunta, nos tres conxuntos insulares do parque nacional (Sálvora, Ons e Cíes) están a dar conta do enorme interese histórico dunhas illas que van moito máis alá do seu patrimonio natural*”.

Dende hai xa moitos anos e sen que, dende a administración, nos fixeran caso, levo/evamos, dicindo que, sen desprezar a grande importancia que as illas do Parque teñen a nivel natural (biolóxico, medioambiental, paisaxístico,...), o seu principal valor e interese, radicaba nas características sociais, históricas e etnográficas por ser unhas illas habitadas dende tempos inmemoriais e que deixaron unha fonda pegada, por iso, sempre o dixemos, este Parque Nacional hai que traballalo dende o punto de vista de HABITADO.

Esperemos que, coas teses destes profesionais (técnicos e especialistas) cunha categoría investigadora contrastada, tomen en serio na administración, a necesidade de programar e subvencionar estudos e proxectos tendentes a investigar as importantísimas *características históricas, etnográficas e sociais* de todas as illas do Parque Nacional.



# UN PASEO POR ONS APROVEITANDO O DÍA DE DEFUNTOS (I)



## VISITA AO CAMPOSANTO DA ILLA

Antes, entre a etapa estival e a semana santa, só un día podías achegarte a Ons, o día de Defuntos. Si, ese día poñían un barco para que os aunienses puideran ir e, a carón de facer unha boa limpeza das lápidas, encher de flores o camposanto. Logo aproveitaban para abrir e airear as vivendas e facer un pouco de limpeza polos arredores.

Ese día, algúns dos asiduos de Ons, aproveitando que había barco, formabamos parte desa comitiva para gozar dun día de outono na Illa, visitar tamén o cemiterio e ver con que cariño recordaban aos seus seres queridos os aunienses. Despois, un paseo pola illa, comprobando como o outono cambiaba a face das árbores e a paisaxe en xeral, buscar algún cogomelo, saudar a veciños que durante o verán non estiveran pola illa e, se había sorte e algún dos bares estaba aberto, saborear un riquísimo polbo en caldeirada.

Teño que dicir que este ano quedei sorprendido ao chegar a Bueu o día 1 de novembro e só catro ou cinco veciños ían a Ons. Logo entendino, agora, por mor das obras que se están a realizar e excursións, sobre todo de xubilados, hai barco asiduamente tamén nesta época, e moitos veciños aproveitaron o día anterior para ir ao camposanto e ter toda a fin de semana libre para, tamén eles, realizar algunha excursión xa programada.



## UNHA GARZA A CARÓN DA LAXE DO CREGO

Aínda que a foto non é boa, cando volvía do camposanto polo camiño de rodeiras que vai cara a Curro, comprobei que algo estaba na cabeceira do sepulcro antropomorfo Laxe do Crego. Collín a cámara e ata onde me daba o teleobxectivo saquei a foto. Unha pena xa que nese intre a garza xirou a cabeza e logo marchou. Curioso, ata ela foi visitar un sepulcro.

## UN PASEO POR ONS APROVEITANDO O DÍA DE DEFUNTOS (II)



### LAVADOIRO E O RÍO DO CAÑO

Interesante o cambio que recibiu este setembro o lavadoiro do barrio de Caño que se atopaba nunhas condicións bastante lamentables. Parques limpouno, pintouno, arranxouno e deixouno listo para a súa utilización, cousa que fixo, a modo de inauguración, a veciña Isa, a muller de Pepe de Miro, que pasan alí todo o ano.

Hai que dicir tamén que ten unha boa saída de auga, a pena é que a billa está case a carón da pedra que esta debaixo e é complicado poñer un caldeiro para coller auga e ata mesmo para encher unha botella.

A auga, ao desbordar do lavadoiro, forma un pequeno río que favorece o hábitat de pntegas e chega en caída ata a mesma praia de Area dos Cans. **Parabéns** polo traballo realizado. Habería que continualo noutros lavadoiros.



### “AGRICULTURA” EN ONS

Levamos xa moitos anos pedindo que dende a administración se favoreza o desenvolvemento agrícola dos veciños que viven alí todo o ano e, á vez, animar a outros a que o fagan.

Vemos que Parques non está polo labor, sen embargo, podemos comprobar como nos tellados do Centro de Visitantes e mesmo nas casas do C. Cívico, eles si a practican, plantando unha especie nova de “leitugas”.



### CAMIÑO DE PAVICÉSPEDE

Este camiño que vai dende a Praia das Dornas ata atoparse co que vai a Melide, por detrás das casas que agora ocupa Parques, está xa a piques de rematar.

Xa falamos del en varios Onstopus, quedamos á espera de ver como queda definitivamente e se o resultado é o esperado, de favorecer a circulación dos vehículos do Parque e negocios e evitar o seu paso polo centro do barrio, agás necesidades obvias.



### DEPURADORA DE ONS

Como xa temos tamén comentado en bastantes Onstopus, o tema da depuradora era algo que había que arranxar xa, e máis dende que hai 3 anos tivo unha fuga importante e a Directora Xeral de Patrimonio Natural prometera o seu inmediato arranxo. Tiveron que pasar tres longos anos para que, por fin, se tomen medidas ao respecto. Xa desmontaron unha das dúas que había e están a facer espazo para, segundo parece, outra nova que van traer. Só pedimos que desta sexa a definitiva en bo funcionamento, e se poidan conectar máis vivendas.





### O ROBALO E A <CORROBRA>

A foto non demostra o largo e peso do peixe, pero podemos dicir que é un robalo que andou cerca dos 5 kg. Foi pescado por un auniense, Rabelo, entre os faros de Camouco e Picamillo. A cousa non tería máis historia, peixes como ese e moito maiores, ten dado estes mares, pero a anécdota está nas explicación que Manoliño nos deu sobre o seu destino, que provocou o coñecemento dunha palabra nova, polo menos, para os que estabamos na mesa da partida cando nolo contou.

Manoliño, cariñosamente Rabelo, é pescador profesional, dedicándose principalmente ao percebe, aínda que tamén traballa noutras artes. Pois ben, hai pouco que fixo unha embarcación nova e é costume que, despois de botala ao mar,

invitar aos amigos e ao vendedor a unha boa comida. Ese costume chámase “**Corrobra**”, e é para o que vai dedicar ese magnífico robalo, xunto cuns bos percebes e unhas boas centolas (cando abran a veda).

Interesante esta verba e o seu significado que eu, persoalmente, non coñecía. A ver se hai sorte e tamén entro no convite. Hahaaaaaa!!!



### BAIXADA Á PRAIA DE CANEXOL


Hai xa anos que vimos pedindo que esta baixada á praia de Canexol se peche, loxicamente antes, tratándoo cos veciños, pois, despois de moito pedilo, arranxaron outra baixada a menos de 50 m. desta.

Esta baixada, que vemos na foto, está entre unha importante duna, moi deteriorada hai anos pola extracción de area, pero que podía levar unha boa recuperación se Parques se puxera ao labor. Tamén nesa duna crecía unha planta en perigo de extinción, *Linaria arenaria*.

Non sei como está neste intre esa planta, pero o que si está en lamentable estado é a duna e a baixada. Coido que Parques debería tomar unha determinación, que nós propoñemos que sexa pechar a baixada e fomentar o desenvolvemento da duna. De non facelo, polo menos arranxar a baixada.

# ***FARO de ONS***

## ***SALVAGARDA DE BARCOS E MARIÑEIRO***



Sigo cumprindo o meu labor  
de custodia da xente do mar.  
Pero, preparáronme para facelo  
dun xeito mecánico, automático,  
e controlado dende terra.  
Aínda así, un dos meus compañeiros,  
vén cada certo tempo  
a mirar que todo vaia ben.  
En realidade penso,  
que non faría falla,  
como lle pasa ao meu irmán de Sálvora,  
pero, mentres veña,  
non me sinto só e desamparado.  
Teño arrepió polo meu futuro,  
e que as miñas entrañas  
se debiliten pola falla de atención.  
Sei, que máis cedo que tarde,  
o meu amigo deixara de vir, e,  
que será de min logo?  
Sinto dor, anguria e congoxa  
quero que o meu interior,  
sexa útil, e ensinar  
todo o que aprendín  
nestes, case, 100 anos,  
dende a miña última remodelación.